

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE FACENDA

*Orde do 30 de setembro de 2009 pola que se modifica a Orde do 16 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para 2008 e 2009 as axudas aos traballadores residentes en Galicia para a contratación dun seguro de pagamentos protexidos.*

O día 24 de decembro de 2008 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 16 de decembro de 2008 pola que se establecían as bases reguladoras e se convocaban para 2008 e 2009 as axudas aos traballadores residentes en Galicia para a contratación dun seguro de pagamentos protexidos.

Segundo o previsto no artigo 19º da orde, as axudas reguladas nela financiaríanse con cargo á aplicación orzamentaria 0705.621A.480.0 cun crédito plurianual por un importe de 500.000 euros para o exercicio 2008 e de 9.500.000 euros para o exercicio 2009. Actualmente a partida orzamentaria denomínase 4205.621A.480.0.

Tendo en conta que o número de solicitudes de axudas presentado resulta moi inferior ás previsións iniciais, procede modificar o dito artigo 19º co fin de adaptar o importe orzado ás previsións actualizadas das axudas a pagar ata o final do ano 2009, permitindo, ademais, a utilización dos fondos liberados para financiar determinadas actuacións do Plan de medidas de actuación urxente fronte á crise económica.

Por todo o exposto, e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o artigo 19 da Orde do 16 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para 2008 e 2009 as axudas aos traballadores residentes en Galicia para a contratación dun seguro de pagamentos protexidos, que quedan redactado do seguinte xeito:

«Artigo 19º.-Dotación orzamentaria.

As axudas reguladas nesta orde financiaríanse con cargo á aplicación orzamentaria 4205.621A.480.0 por un importe de 500.000 € para o exercicio 2009. O dito crédito, á vista das solicitudes presentadas, poderá ser modificado e/ou ampliado pola Consellería de Economía e Facenda, do cal se dará a correspondente publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

Polo menos o 20% dos créditos orzamentarios destinaránse a axudas para o pagamento de pólizas de seguros correspondentes a préstamos hipotecarios para a adquisición de vivendas protexidas.»

#### Disposición derradeira

Única.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2009.

Marta Fernández Currás  
Conselleira de Facenda

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

*Orde do 21 de setembro de 2009 pola que se modifica a Orde do 19 de setembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para 2008 axudas ás comunidades de propietarios, en réxime de concorrencia competitiva, para a reparación, rehabilitación e adaptación de edificios de vivendas de protección oficial de promoción pública.*

O 29 de setembro de 2008, publicouse no DOG a orde da Consellería de Vivenda e Solo do 19 de setembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o 2008 axudas ás comunidades de propietarios, en réxime de concorrencia competitiva, para a reparación, rehabilitación e adaptación de edificios de vivendas de protección oficial de promoción pública.

O Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, adscribe o Instituto Galego da Vivenda e Solo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O Decreto 317/2009, do 4 de xuño, establece a estrutura orgánica do IGVS. De conformidade co artigo 1 do dito decreto correspóndelle ao IGVS a realización das políticas de vivenda e solo da Xunta de Galicia.

A citada orde, no seu artigo 31, establece, para estas axudas, un importe total dispoñible para o exercicio 2008, de 123.853,62€, 2.500.000 € para o exercicio 2009 e 800.000 € para o 2010, con cargo á aplicación 17.90.451A.781.0. Así mesmo, establece que excepcionalmente o crédito orzamentario destinado a estas axudas poderá ser incrementado de conformidade co establecido no artigo 31.2º a) e b) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

En consideración á situación de necesidade urxente de abordar as obras segundo se desprende das memorias e informes e o prazo para desenvolver as obras para as que se solicitan as axudas, que alcanza en moitos casos o ano 2010, estíbase a necesida-